

Kosovo e a OSCE

Description

O éxito na liberación dos militares serbios dificilmente pode beneficiar a imaxe da OSCE. Fallou na súa misión preventiva e tamén na reparadora. O envío de 2.000 observadores civís non é mais ca unha ampliación da misión diplomática, denuncia Veton Surroi en «Kotha Ditore» de Pristina. Nin máis observadores nin a autorización concedida á OTAN para sobrevooar o ceo kosovar impedirán que prosiga a limpeza étnica nin proporcionarán maior protección á poboación. Tampouco as ameazas exteriores serviron para mellorar a habilitabilidade da maioría albanesa. Os documentos sobre a autonomía kosovar preparados polos mediadores internacionais contemplan un nivel competencial inferior ó existente no Kosovo antes de 1989.

Entre os albaneses medra a convicción de que os países occidentais decidiron sacrificar Kosovo para non estragar a fráxil estabilidade de Bosnia. Mal arranxo. A incompreensión e a pasividade internacional radicalizarán ós albaneses. Probablemente non gañarán pero pasará moito tempo antes de voltar a tranquilidade. Erra quen pretenda separar os problemas de Kosovo e Bosnia. Como sinalou James Pettifer en «The World Today», o conflito é inseparable do silenciamento do problema albanés nos acordos de Dayton.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Balcáns

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 14, 1999

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 1999-01-14 00:00:00